



UNHA PROPOSTA PEDAGÓGICA PARA O GRUPO 2-3
ESCOLA INFANTI DE TUI

INDICE

1. O PROCESO DE FAMILIARIZACIÓN
2. ALIMENTACIÓN
3. DESENVOLVEMENTO MOTOR
4. DESCANDO
5. HIXIENE
6. O XOGO E MATERIAIS DE XOGO
7. O ROL DO ADULTO

1. PERÍODO DE FAMILIARIZACIÓN Á ESCOLA INFANTIL

- Tempos progresivos.
- Manter continuidade na persoa de referencia que permanece os primeiros días coas nenas e nenos na aula.
- Preparación dos espazos previo á incorporación das nenas e nenos á aula.
- Materiais comúns e adaptados ao momento evolutivo de nenas e nenos.
- Respetar os obxectos de transición. Respetar costumes familiares e incorporar progresivamente ás rutinas da aula.
- Xerar un ambiente tranquilo e relaxado. Coidar a temperatura (nin demasiado frío nin demasiada calor).
- Actitude atenta aos sinais das nenas e nenos que indiquen unha necesidade (dormir, cambiar o cueiro, comer,...).
- Os tempos das familias na aula, as acollidas e recollidas aproveitaranse para trasladar información sobre o desenvolvemento do neno.
- **De ter maiores inquedanzas as familias, emprazaremos a unha titoría.**
- A comunicación coas familias será de xeito individualizado, evitando dar información sensible (estado de saúde, incidencias,...) que poidan escoitar terceiros.
- O cambio de espazos, materiais e actividades para o xogo autónomo será prioritario.
- O uso do chupete limitarase á demanda da nena e neno; antes do seu uso excesivo, teranse en conta outras estratexias (cambio de actividade, de espazo,

de materiais,...).

- A propia familia poderá entrar na aula para deixar ao neno no espazo de xogo; evitando a súa chegada no colo, preferiblemente o neno entrará polo seu propio pé. Que as familias entren na aula non supón que a educadora deixe o que está facendo para atendela: a prioridade será sempre o grupo que está connós. A familia pode agardar. A familia debe coñecer de antemán a importancia de respectar as dinámicas de aula e a función do educador en cada momento.

2. ALIMENTACIÓN

- ↪ Colaboración e participación da figura de referencia.
- ↪ Todo en grupo estará en silla agás casos excepcionais.
- ↪ O espazo do comedor deberá coidarse para xerar un ambiente tranquilo e relaxado:
 - Material ordenado.
 - Material accesible á nena ou neno (pan, vaso, pano, culler).
 - O ton de voz do educador marcará en gran medida o ritmo da dinámica. Procurarase falar baixo e poucas interacción entre adultos para manter a atención nas interaccións coas nenas e nenos.
 - O resto de persoal evitará entrar na quenda de comedor para non interromper a dinámica.
- ↪ Atención grupal:
 - En grupos de oito en mesa dobre atendidos por unha educadora.
 - Apoio do PSX sempre que sexa posible.
- ↪ Dinámica de alimentación:
 - Permitir que coma coa man, aínda que se promoverá o uso dos utensilios.
 - O vaso estará sempre visible e terá a xerra a súa disposición que a medida que o grupo avance en autonomía se lle deixará para que sexan eles mesmo quen se boten auga cando teñan sede.
 - Manter á nena e neno limpos (favorecer a autonomía non supón que se bañen en puré). Manter o espazo limpo (limpar mesa entre prato e prato).

- Respeitar o apetito da nena e neno. Poden repetir, poden deixar.
- Favorecer a autonomía de xeito progresivo e tendo en conta o ritmo individual de cada nena e neno.
- Cando o grupo alcance autonomía suficiente se lles ofrecerá en bandexa o segundo prato para que sexan eles mesmo o que se servan a comida.
- Cando unha nena ou neno amose síntomas de cansancio se lle ofrecerá ir durmir, sin ánimo de reprimir o seu estado de ánimo, a intención será respectar as súas necesidades e tamén a do grupo (non é agradable comer cun neno chorando ou molestado ao teu carón).
- Na medida do posible favoreceremos que o grupo de nenas e nenos que agardar o turno para ir lavar a cara e as mans axude a recoller o comedor (retirar os ganchos dos manteis, retirar da mesa o que quedaou do servizo, botar os manteis no caldeiro,..etc).
- A hixiene despois do comedor farase na medida do posible en grupo reducidos.



3. DESENVOLVEMENTO MOTOR

- ✿ Respeitar os ritmos e rutinas que as crianzas traen do seu fogar.
- ✿ Na aula favorecerase que permanezan descalzos.
- ✿ Anticipar e verbalizar as accións. O adulto comunicará ao neno que é o que vai acontecer co seu corpo (voute coller, voute soar, ven comer, imos durmir,...).
- ✿ Facilitaremos o desenvolvemento motor a través do xogo espontáneo, en diferentes espazos e superficies: aula, patio, corredoiro, usos múltiples, camiños sensoriais,...
- ✿ Na sala de usos múltiples e movemento será libre, permitindo correr, o xogo de contacto e o traslado do material dun lado para o outro.
- ✿ No patio terán liberdade para a conquista da altura, a posibilidade de experimentar co control postural e o equilibrio,...etc



4. DESCANSO

- ☒ Evitar situacións de angustia que alteren o descanso.
- ☒ Respetarase o ritmo de descanso de cada nena e neno.
- ☒ Manter o espazo de durmir limpo, ordenado e ben ventilado. As mantas mándanse a lavar para a casa cunha frecuencia trimestral.
- ☒ Respetarase o uso de chupetes e obxectos de transición, aínda que se procurará a independencia dos mesmos. Identificar estes materiais.
- ☒ Anticipar a acción: agora imos durmir, recollemos e imos durmir, logo de comer imos durmir,...
- ☒ Favorecer a autonomía respectando o ritmo de cada crianza.
- ☒ Establecer unha rutina común que sexa doada de identificar por educadores e nenos:
 - Entrar en silencio na sala de durmir.
 - Identificar a cama e sentarse para quitar os zapatos.
 - Ir quitando progresivamente a roupa de xeito autónomo.
 - Coller chupete da caixa (no centro da aula) ou repartir chupetes.
 - Deitarse na cama, taparse, durmir.

☞ Establecer rutinas á hora de levantar do descanso:

- Non levantalos nada máis abrir os ollos. Respectar cada ritmo, algúns levantaránse de seguida outros precisaran dun tempo.
- Gardar chupete na caixa do chupetes.
- A medida que avanza o curso, poden quedar sentados na cama e intentar vestir os calcetíns, pantalón e zapatos unha vez que xa se efectuou o cambio de cueiro ou fixeron pis no WC.

☞ Unha vez vestidos, collen a axenda da gabeta (progresivo segundo a idade) e favorecemos que a coloquen no seu casilleiro.



5. HIXIENE

- ❖ Individualizada. Momento tranquilo e relaxado para a nena e neno.
- ❖ Na medida do posible, todas as educadoras manterán a mesma rutina no cambio:
 - Anticipar a acción (trasladarlle ao neno que o colles para levalo a cambiar, avisar cando é máis pequeno e preguntar cando é máis maior).
 - Ter sempre as cousas necesarias antes de iniciar a actividade: roupa de cambio, luvas, toallíñas, cueiro, crema,...
 - Se está moi entretido no seu xogo, pódese esperar a cambialo ou a que o propio neno manifeste sinais de estar incómodo
 - Favorecerase o cambio de pé:
 - Porque os nosos ollos están ao mesmo ángulo e podemos aproveitar para conectar e falar.
 - Porque poderá comezar a ver como baixa e sobe o pantalón/braga/calzón e incluso colaborar a facelo.
 - Porque podrá coller o cueiro e tiralo ao lixo.
 - Porque estando de pé será máis consciente de porqué precisa ser cambiado.
 - Porque pode comezar a limparse el mesmo.

- Durante o cambio de cueiro ou hixiene evitaremos interromper a actividade, e evitaremos interrupcións innecesarias (na medida do posible garantir que a outra educadora está co resto de nenos, senón deixar unha proposta para evitar conflitos mentres atendemos ao neno na súa hixiene persoal).
- As zonas de hixiene non son almacén: deben permanecer libres e coidadosamente ordenadas e ventiladas.



6. O XOGO E MATERIAIS DE XOGO

- ✦ O principal xogo será o simbólico, manteremos propostas de heurístico e o xogo que supoña o movemento (psicomotricidade)
- ✦ Na medida do posible, trataremos de empregar **materiais naturais** para traballar as sensacións a través do seu corpo: teas, caixas, area,...
- ✦ O material de xogo será presentado con certa estética para facilitar a orde e a accesibilidade libre e voluntaria. Con varias alternativas para que podan escoller.
- ✦ Na medida do posible, o material e a proposta de xogo manterase nos recantos, alfombras ou tapices, para favorecer un ambiente ordenado.
- ✦ Unha vez se advirta a dispersión da nena e neno co material proposto, recollerase e farase outra proposta.
- ✦ Na medida do posible, á hora de recoller solicitamos o material ao neno, non llo retiramos da man sen avisar.
- ✦ Favorecemos a súa colaboración para recoller e ordenar, non a impoñemos. A maior garantía de neno ordenado é que o seu referente afectivo sexa ordenado.
- ✦ Promoveremos situacións onde a nena e neno poda colaborar tanto na decisión do material, a súa preparación e na súa recollida.
- ✦ Haberá momentos de vida en grupo (todos), como pode ser no momento de

acollida e o momento anterior a ir a comer, o patio,... e haberá momentos de traballo en pequeno grupo. Será necesario pues o uso de espazos alternativos; usos múltiples para sesións de psicomotricidade, biblioteca, entrada, pasillo e outras aulas que se atopen baleiras.

- ↳ Na medida do posible favoreceremos a libre circulación entre as dúas aulas.
- ↳ Potenciaremos a relación con outros grupos de nenas e nenos (no patio, nas propostas de libre circulación, axudan cos bebés,...).
- ↳ Presentaremos varias propostas de xogo para que podan escoller. O traballo dentro da aula será por recantos, coa posibilidade de circular libremente entre as dúas aulas de maiores.
- ↳ Espazos de libre circulación. Teremos tempos para que as propostas de xogo sexan en aulas abertas onde nenas e nenos podan circular libremente.
- ↳ Neste espazos e recantos as propostas principais constarán de: psicomotricidade, xogo simbólico, construcións en todas as súas variantes.

PROPOSTAS ESPECÍFICAS PARA 2-3

PROPIO CORPO



TEAS



CAIXAS DOS TESOUROS



CAIXAS DOS TESOUROS



CONSTRUCCIÓN



PUZZLES



PELOTAS



MÓDULOS DE PSICOMOTRICIDADE



PICAR FROITA



OBRADOIROS DE COCIÑA



ESCOITAR CONTOS



CONTOS



<p>CONTO VIAXEIRO</p>	<p>VISITAS</p>
 A photograph showing a child sitting on a blue mat on the floor, reading a book. In the background, there is a bookshelf and a window looking out onto a green area.	 A photograph of three children sitting around a table covered with a blue cloth. They are playing with various toys, including a yellow box and some colorful objects.
<p>TRASVASES</p>	<p>HEURÍSTICO</p>
 A photograph of a wooden table with four trays containing different types of beans or lentils. There are also some small containers and a glass of water on the table. The background shows a window with colorful paper decorations.	 A photograph of a large, colorful mat on the floor. The mat is divided into four quadrants: red, green, yellow, and blue. Each quadrant has a different pattern or cutout, including eyes and a butterfly.
<p>CABANA</p>	<p>COCÍÑA</p>
 A photograph of children playing with a large wooden structure made of planks, resembling a cabin or a fort. One child is sitting on top of the structure, while others are standing around it.	 A photograph of children playing in a kitchen area. They are sitting around a wooden table, and there are various kitchen items and toys on the table. The background shows a brick wall and a window.

<p>AUGA/CHARCOS</p>	<p>AREA</p>
	
<p>MOTOS/TRICICLOS</p>	<p>XARDÍN SONORO</p>
	
<p>TRONCOS</p>	<p>CAIXAS FROITA/RODAS</p>
	

<p>HORTA</p>	<p>COIDADO DE ANIMAIS</p>
	
<p>GARAXES/COCHES/TRENS</p>	<p>MATERIAL SIMBÓLICO/DISFRACES/MÉDICOS PERRUQUERÍA/BONECAS/COCIÑAS...</p>
	
<p>FOTOS DA FAMILIA</p>	<p>MESA DE LUZ</p>
	

INSTALACIÓN



EXPERIENCIAS PLÁSTICAS



MÚSICA



AUDICIONES



AUTONOMÍA



LIMPAR/ORDENAR/AXUDAR



ESPAZOS DE LIBRE CIRCULACIÓN



RECANTOS



AMASAR/PLASTILINA



FALAR/CONVERSAR/COMPARTIR



ESCONDITE



MINIMUNDOS



MESA DE ESTACIÓN	MESA DE EXPERIMENTACIÓN
	

DESENVOLVEMENTO DO XOGO NO TERCEIRO ANO DE VIDA		
IDADE	COMO ACTÚA A NENA E NENO	MATERIAIS
24 - 30 meses	<p>Inicia a carreira e o salto. Camiña cara atrás. Aparece control de movementos de rotación manual (abre/cerra frascos). De pé lanza pelota sen caerse. Da patadas a un balón. Aumenta vocabulario. Garabatea.</p>	<p>Construcións/Puzzles Xogo simbólico. Motos/Triciclos. Auga/Area Pinturas/plastilina. Contos. Teas e caixas. Minimundos. Luces/Lupas/Lanterna</p>
30 -36 meses	<p>Control segmentario do corpo. Afianzamento da marcha, carreira, salto. Afianzamento de lanzamentos e recepcións. Comenzo pola preferencia lateral. Amplia vocabulario. Garabateo e pon nome.</p>	<p>Construcións/Puzzles Xogo simbólico. Motos/Triciclos. Auga/Area Pinturas/plastilina. Contos. Teas e caixas. Minimundos. Luces/Lupas/Lanterna</p>
36 - 42 (3 anos e medio)	<p>Sobe e baixa escaleiras alternando pernas sen axuda. Salta con pés xuntos (sobre unha corda, cara os lados, cara atrás,...) Corre con aceleración/desaceleración controlada. Supera obstáculos no seu camiño. Garda o equilibrio. Monta en triciclo. Disfruta repetindo os contos e coa súa dramatización. Amplia vocabulario. Intencionalidade no debuxo.</p>	<p>Construcións/Puzzles Xogo simbólico. Motos/Triciclos. Auga/Area Pinturas/plastilina. Contos. Teas e caixas. Minimundos. Luces/Lupas/Lanterna. Coidado dos animais.</p>

7. ROL DO ADULTO

- ↳ Atención aos sinais de comunicación da nena e neno. Os silencios e as miradas como formas de comunicación. Anticipación das súas accións co corpo do neno ao neno (vouche limpar o nariz, collereite,...)
- ↳ Traballo en equipo.
- ↳ Comunicación bidireccional coas familias. Non xulgar. Informar das nosas liñas de actuación, respectar as súas.
- ↳ Seguimento do desenvolvemento evolutivo da nena e neno a través do diario individual de cada neno.
- ↳ Compromiso coa formación permanente.
- ↳ Xerar espazos que estimulen a aprendizaxe autónoma.
- ↳ Favorecer a autonomía da nena e neno. Autorregulación. Darlles tempos.
- ↳ Facer propostas, solicitar, pedir axuda, evitar dar ordes,...
- ↳ Acompañamento respectuoso no caso dos conflitos ente iguais. Avaliación da situación. Evitar xulgar.
- ↳ O bo humor. É unha estratexias fantástica. Rir, facer rir e contaxiar a alegría, o estado de ánimo é contaxioso!

Unha proposta pedagóxica para o grupo 2-3